

Hoxe, 25 de novembro, celébrase o día contra a violencia de xénero.

A violencia de xénero é a violencia exercida sobre a muller, polo feito de ser muller.

Nós estamos aquí en nome da comunidade educativa do CEIP Vilaxoán para reflexionar sobre o que está a suceder.

No que levamos de ano xa hai 52 mulleres mortas e mais de 160 000 denuncias e cantas haberá que non denunciaron...

Ao longo dos anos que nós, os de sexto, levamos de vida, morreron un total de 580 mulleres no noso país.

Non podemos esquecer tamén ás outras vítimas: fillos e fillas, nais e pais, irmáns... que levarán ao longo da súa vida un triste recordo e un sufrimento contínuo.

Que podemos facer? Como podemos loitar contra este mal?

- Trátarnos e falarnos con respecto
- Acabar coas falsas creencias sobre as diferencias de xénero
- Rexeitar calquera actitude violenta verbal, psicolóxica ou física.
- Non forzar a ninguén a facer nada que non queira.
- Respetar os sentimentos dos demais.
- Pedir que se repartan as tarefas do fogar, evitando a discriminación por sexos.
- Ser críticos coas expresións que desprecian ás mulleres.

En definitiva, homes e mulleres somos persoas cos mesmos dereitos, as mesmas obrigas, ilusións...

Non podemos esquecer, que detrás do sorriso dunha vítima da violencia de xénero, hai moito máis que un sorriso: dor, tristeza, recuperación, superación...

NON Á VIOLENCIA DE XÉNERO

NON ÁS ACTITUDES MACHISTAS

SI AO RESPETO

SI Á IGUALDADE